

A «Asociación de Escritores en Lingua Galega» celebra hoxe reunión en Santiago

SANTIAGO.— (Da nosa Delegación).— A Asociación de Escritores en Lingua Galega celebrará hoxe pola tarde, a partir das cinco, no Museo do Pobo Galego, unha xunta xeral para proceder á elección dos membros da sua directiva para os próximos dous anos. Como xa é sabido, hastra agora, e desde que a asociación fora constituída, funcionaba con carácter provisional unha directiva que presidía Bernardino Graña.

Na xuntanza de hoxe trataránse ademáis asuntos relativos á organización interna e daráse un informe sobre o proceso de legalización dos estatutos. Asimesmo, discutiráse a proposta de conversas con escritores de outros países e decidiráse sobre a publicación dun boletín informativo.

Tamén se abrirá un diálogo entre tódolos escritores presentes encol dunhas possibles xornadas de reflexión sobre da problemática do escritor e a literatura galega.

Sábado, 11, outono, 1980